



CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira en data 27/08/2026 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondentes **ó 4º bimestre do 2026**. Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/09/2026 e 31/10/2026 ámbolos dous inclusive. Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 01/09/2026. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento (**no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia**) e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Baleira, 27 de agosto de 2026.- O alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2342

BÓVEDA

Anuncio

Por resolución de Alcaldía núm. 2026-0505, de data 28 de agosto do 2026, foron aprobadas as bases e a convocatoria para a constitución dunha bolsa de emprego temporal para a cobertura do posto Traballador/a Social do Concello de Bóveda (Lugo), en réxime de persoal laboral temporal coa finalidade de substitución os períodos de vacacións, baixas, permisos, licenzas e outras circunstancias do servizo.

Achéganse as bases reguladoras que rexerán a convocatoria:

“BASES XERAIS DA CONVOCATORIA PARA CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE SUBSTITUCIÓN DO POSTO DE TRABALLADOR/A SOCIAL NO CONCELLO DE BÓVEDA (LUGO)”

PRIMEIRA. Obxecto da Convocatoria

É obxecto das presentes bases a constitución dunha bolsa de traballo para a cobertura do posto de Traballador/a Social do Concello de Bóveda (Lugo), en réxime de persoal laboral temporal: eventual por circunstancias da produción e/ou de interinidade por substitución da persoa traballadora con dereito a reserva do posto de traballo, ao abeiro do artigo 15 do Texto refundido do estatuto dos traballadores, coa finalidade de substitución de postos de traballo da categoría convocada pola concorrència dalgunha das seguintes causas:

— Baixas por incapacidade temporal.

— Xubilación parcial ou anticipada polo período que medie entre a xubilación e a cobertura da dita praza polos procedementos de provisión de postos de traballo previstos legalmente.

— Vacacións, permisos e licenzas.

— Calquera outra que esixa a inmediatez na contratación.

O dito persoal cesará automaticamente cando desaparezan as circunstancias que motivaron o seu nomeamento determinadas no parágrafo anterior.

A bolsa terá unha duración de 3 anos dende a data de publicación no taboleiro de anuncios do concello e na súa sede electrónica da Resolución da Alcaldía que a aprobe, podendo ser obxecto de prórroga por causas debidamente xustificadas e motivadas.

SEGUNDA. Funcións ou traballos a realizar

Serán encomendadas á praza de Traballador/a Social do Concello de Bóveda (Lugo), a área de Servizos Sociais e entre outras funcións propias da súa categoría profesional, as seguintes:

- a) Detección, coñecemento e valoración das necesidades sociais e recursos existentes do municipio.
- b) Planificación e programación dos recursos e servizos necesarios para atender os problemas e necesidades detectados.
- c) Avaliación de problemas e derivación para a atención dos mesmos cara os distintos servizos existentes cando así o requira o caso.
- d) Axuda á integración de individuos, familias e grupos que o precisen, favorecendo solucións de reinserción social, evitando situacións de marxinación e/ou exclusión social.
- e) Información, asesoramento, orientación e intervención técnica para a resolución das situacións de necesidade e conflito a nivel individual e colectivo.
- f) Colaborar coas distintas entidades públicas e privadas competentes en materia de Servizos sociais.
- g) Xestión e tramitación administrativa de recursos e prestacións así como dos expedientes relacionados co seu posto.
- h) Supervisión e coordinación do servizo de axuda a domicilio do Concello.
- i) Elaboración de informes e memorias relativos ao traballo desenvolvido e atención prestada a persoas, familias ou grupos.
- j) Colaborar na xestión e tramitación de subvencións da área da súa competencia.
- k) Calquera outra, relacionada co posto de traballo, que lle encomende o seu superior xerárquico.

TERCEIRA. Tipo e duración do contrato

Os contratos a subscribir son baixo a modalidade de contrato de traballo temporal, a tempo completo, de luns a venres e dependendo de cada caso, poderán ser:

- a) Por substitución da persoa traballadora (código de contrato 410)
- b) Por circunstancias da produción (código de contrato 402)

CUARTA. Condicións de Admisión de Aspirantes

De conformidade co artigo 56 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro e 50 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, para poder participar nos procesos selectivos será necesario:

- a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- b) O cónxuxe dos/as españois/as e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os descendentes menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade que sexan dependentes.
- c) As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- d) As persoas estranxeiras que, non estando incluídas nos parágrafos anteriores, se atopen con residencia legal en España.
- e) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. So por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

- f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado membro da Comunidade Europea, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- g) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.
- h) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenvolvemento das súas funcións.
- i) Estar en posesión da titulación de Diplomatura ou Grao en Traballo Social ou equivalente. As titulacións obtidas no estranxeiro deberán xustificarse coa documentación que acredite a súa homologación pola Administración educativa competente na materia.
- j) Ter o certificado de Celga 4 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, ou obter a cualificación de apto na proba de galego que forma parte deste proceso de selección.

Os anteriores requisitos, así como os específicos que se esixan, se é o caso, deberán reunirse con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a formalización do contrato laboral, sendo nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incursos en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

QUINTA. Forma e Prazo de Presentación de Solicitudes

As solicitudes para participar no proceso selectivo axustaranse ao modelo que figura como Anexo I, irán dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Bóveda (Lugo) e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de atención ao público de 09:00 a 14:00 horas, durante o prazo de **dez (10) días hábiles**, contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Poderán tamén presentarse no Rexistro Electrónico Xeral do Concello de Bóveda (Lugo) (<https://concellodeboveda.sedelectronica.es>) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Se conforme a este precepto se presenta a instancia a través das oficinas de Correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou a través das oficinas de Correos, as persoas solicitantes deberán comunicalo ao concello achegando unha copia da solicitude (Anexo I) por correo electrónico a intervencion@concellodeboveda.com o mesmo día da dita presentación noutros rexistros. Sen o cumprimento deste requisito, a instancia entenderase inadmitida a todos os efectos.

As persoas aspirantes farán constar na instancia (Anexo I) que reúnen tódolos requisitos sinalados na base 4ª, e achegarán a seguinte documentación:

- Copia autenticada do DNI ou documento equivalente.
- Copia autenticada da titulación requirida na cláusula cuarta das presentes bases.
- Copia autenticada da acreditación do coñecemento da lingua galega, Celga 4 ou equivalente, de ser o caso. No seu defecto, realizarase unha proba escrita que consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega.
- Copia autenticada da documentación xustificativa dos méritos alegados, vida laboral e certificados de servizos prestados nas Administracións Públicas.
- Declaración xurada ou promesa de non ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de funcións públicas por resolución xudicial para o acceso á escala, subescala, clase e categoría de funcionario/a en o que fose separado/a ou inhabilitado/a. Os/as nacionais doutros Estados deberán acreditar igualmente non acharse inhabilitados/as ou en situación equivalente nin ser sometidos/as a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso á función pública.

Deberanse acompañar á solicitude as xustificacións documentais dos méritos que se desexen alegar en relación co posto que se convoca, mediante copia autenticada da/s titulación/s aportadas. Os méritos aos que se fai referencia deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data. A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala nesta base determinará que estes non serán tidos en conta polo tribunal.

As persoas aspirantes con discapacidade deberán facelo constar na solicitude, co fin de facer as adaptacións de tempo e medios necesarios, para garantir a igualdade de oportunidades co resto dos/as aspirantes.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

SEXTA. Publicidade

A publicación da convocatoria realizarase mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, as bases completas publicaranse, igualmente, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na sede electrónica deste Concello (<https://concellodeboveda.sedelectronica.es>) (apartado taboleiro de anuncios), así como no taboleiro de anuncios físico do Concello.

SÉTIMA. Admisión de Aspirantes

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as. Na devandita resolución, que se publicará na sede electrónica e no taboleiro de edictos do Concello, sinalarase un prazo de **dous (2) días hábiles** para emenda.

Transcorrido o prazo de emenda de solicitudes, aprobarase a lista de aspirantes con carácter definitivo, publicándose o anuncio na sede electrónica e no taboleiro de edictos do Concello; no mesmo anuncio farase constar o día, hora e lugar en que se realizarán as probas. Igualmente na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal.

OITAVA. Tribunal Calificador

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

O Tribunal Cualificador estará constituído por:

1 Presidente

1 Secretario

3 Vogais

O membros do devandito tribunal serán designados polo Alcalde – Presidente deste Concello, atendendo a anteriores criterios establecidos.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade co artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público.

Segundo o disposto no artigo 59.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio do seu discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

NOVENA. Sistemas de Selección e Desenvolvemento dos Procesos

Os/as aspirantes deberán acompañar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo (Anexo I) a documentación para o baremo de méritos, no que farán constar experiencia profesional e cursos de formación, cumprindo os requisitos previstos nas presentes bases.

O sistema de selección será mediante concurso de valoración de méritos:

FASE DE CONCURSO (100% do proceso selectivo):

Realizarase a fase de concurso entre os/as aspirantes admitidos/as que presentaron a instancia para participar no proceso de selección. A puntuación total dos méritos non poderá exceder de 100 puntos.

1. Entrevista persoal (máximo 10 puntos)

O tribunal en primeiro lugar celebrará unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o interese da persoa candidata en participar no proceso e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do posto.

2. Experiencia profesional (máximo 70 puntos)

Terase en conta a experiencia profesional das persoas aspirantes, como Traballador/a Social, en Concellos ou outras Administracións Públicas, do xeito que se indica a continuación:

- Por servizos prestados en concellos en réxime funcionarial ou laboral, a razón de 0,40 puntos por cada 30 días de traballo.
- Por servizos prestados en calquera outra das Administracións Públicas en réxime funcionarial ou laboral, a razón de 0,20 puntos por cada 30 días de traballo.

Non serán obxecto de valoración os servizos prestados na modalidade de prácticas ou formativos.

A experiencia profesional acreditarase mediante informe de vida laboral ao que obrigatoriamente deberá achegarse copia de contratos de traballo ou certificados de servizos prestados como Traballador/a Social. A carencia dun destes documentos implicará a non valoración deste mérito alegado.

O tempo traballado a xornada parcial computarase ata acadar o 100% da xornada, segundo informe de vida laboral. En calquera caso, o cómputo dos días de experiencia profesional realizarase conforme aos días acreditados no informe de vida laboral.

3. Formación complementaria (máximo 20 puntos)

Valoraranse os cursos de formación que versen sobre materias que garden relación co posto de traballo ao que se aspira e/ou coa Administración Pública en xeral, e os que se refiran á adquisición de competencias, habilidades e actitudes transversais, para estes efectos considérase materia transversal: prevención de riscos laborais, igualdade, non discriminación e prevención violencia de xénero, lingua de signos española, técnicas de comunicación, traballo en equipo, transparencia no acceso á información pública, protección de datos, procedemento administrativo, calidade dos servizos e dixitalización na administración electrónica.

É requisito para ser valorados que os cursos foran impartidos por unha Administración Pública ou entidade dela dependente ou homologados por estas, un centro oficial de formación ou unha institución homologada para impartir formación profesional continua, valorándose do seguinte xeito:

- Por cada curso con duración igual ou superior a 15 horas e inferior a 20 horas:	1,00 punto
- Por cada curso con duración igual ou superior a 20 horas e inferior a 50 horas:	2,00 puntos
- Por cada curso con duración igual ou superior a 50 horas e inferior a 75 horas:	3,00 puntos
- Por cada curso con duración igual ou superior a 75 horas e inferior a 100 horas:	4,00 puntos
- Por cada curso con duración igual ou superior a 100 horas e inferior a 150 horas:	6,00 puntos
- Por cada curso con duración igual ou superior a 150 horas e inferior a 200 horas:	8,00 puntos
- Por cada curso con duración igual ou superior a 200 horas:	10,00 puntos

Aplicarase a citada puntuación por unha soa titulación dunha mesma materia, e só pola máis alta alcanzada. A formación complementaria deberá acreditarse mediante copia autenticada dos diplomas ou certificados acreditativos de ter realizada a formación nos que conste o número de horas lectivas. Non se puntuarán as accións formativas que non acrediten as horas de duración, nin as que teñan unha duración inferior a 15 horas ou unha antigüidade superior a 15 anos.

Non se valorarán as materias aprobadas que formen parte de titulacións académicas non rematadas, nin incluídos os másters oficiais e másters e cursos impartidos polas Universidades baixo a denominación de títulos propios, nin os cursos de informática.

PROBA DE GALEGO (apto / non apto):

En cumprimento do sinalado, as persoas aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución dun texto de castelán a galego, elixido polo Tribunal. Para superar a proba é necesario obter o resultado de APTO, dispoñendo dun tempo máximo de 20 minutos para a súa realización.

O texto non poderá ter máis de 200 palabras, sendo considerados como NON APTOS aqueles que teñan 10 erros ou máis (tradución, gramática e acentuación).

Están exentos da realización da dita proba os/as aspirantes que presenten durante o prazo de solicitudes e acrediten posuír con data límite do prazo de subsanación de instancias, o CELGA 4 ou equivalente.

DÉCIMA. CUALIFICACIÓNS

A cualificación final será a seguinte:

— Sistema concurso: será a suma dos puntos obtidos nas probas.

No caso de empate na valoración total, resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta na entrevista persoal, e no caso de persistir o empate, a favor do aspirante que acredite maior número de cursos de formación con duración igual ou superior a 200 horas. De persistir o empate, resolverase a favor do/a aspirante que antes rexistrase a súa solicitude completa (sen enmendadas) no Rexistro Xeral do Concello.

Unha vez rematada a cualificación das persoas aspirantes, o tribunal fará pública a relación de aspirantes, por orde de puntuación, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica (<https://concellodeboveda.sedelectronica.es>), precisándose que o número de aprobados non poderá superar o número de prazas convocadas. A antedita relación elevarase ao Presidente da Corporación para que proceda ao nomeamento da persoa candidata proposta e á formalización do correspondente contrato.

DÉCIMO PRIMEIRA: FORMACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO

Unha vez concluída a fase de selección das persoas aspirantes, o Tribunal confeccionará unha lista pola orde resultante da puntuación obtida na selección, sendo a primeira a de maior puntuación e así sucesivamente. A devandita lista exporase no taboleiro de anuncios do Concello e na súa sede electrónica <https://concellodeboveda.sedelectronica.es>

DÉCIMO SEGUNDO: FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO

Cando cumpra a cobertura temporal nos supostos previstos, efectuarase chamamento a favor da persoa aspirante que alcanzase a maior puntuación, segundo a orde de preferencia determinado e acredite os requisitos esixidos para participar no proceso selectivo.

Os chamamentos seguirán rigorosa orde de prelación establecido na bolsa.

O chamamento realizarase a través dos dous medios de localización establecidos na súa solicitude, dentro do horario de 8:00 a 12:00 horas de luns a venres e informaráselles das circunstancias do posto de traballo ofertado.

Iniciarase o chamamento polo medio escollido. Se é o telefónico, realizaranse dous intentos telefónicos cunha separación temporal mínima de tres horas. Avisarase ás primeiras tres persoas da bolsa, avisando da orde no que teñen preferencia para aceptar.

Se ás 15:00 horas non respondese ás chamadas telefónicas, enviarase un correo electrónico informándolle do posto de traballo ofertado e do número de teléfono ao que deberá chamar tanto para aceptar como para rexeitar o posto ofertado.

As persoas avisadas dispoñen ata as 13:00 horas do día hábil seguinte, para aceptar ou rexeitar a oferta mediante chamada telefónica ou correo electrónico. Se non é posible a súa localización ou no prazo non responden á oferta, dúas funcionarias ou funcionarios dilixenciarán a dita circunstancia.

Se as primeiras persoas non fosen localizadas ou non aceptasen o nomeamento no prazo, contactarase coas seguintes persoas candidatas que corresponda pola orde establecida na bolsa de emprego temporal.

A renuncia supón a exclusión definitiva da persoa aspirante na bolsa de traballo, salvo que conorra algunha das seguintes circunstancias que impidan o desempeño do posto e que sexan debidamente acreditadas:

1. Por acharse de permiso por paternidade, maternidade, ou calquera outro de longa duración que impida a súa inmediata incorporación.
2. En caso de maternidade, se a renuncia da nai prodúcese no sétimo mes de embarazo e a décimo sexta semana posterior ao parto, ou décimo oitava se o parto é múltiple.
3. Por garda con fins de adopción ou acollemento se a renuncia prodúcese dentro das dezaseis semanas posteriores á decisión administrativa de garda con fins de adopción ou acollemento, ou da resolución xudicial pola que se constituía a adopción. En caso de garda con fins de adopción ou adopción múltiple, o prazo para a renuncia será de dezaioito semanas.
4. Por falecemento dun familiar de primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou afinidade, co límite de ata 5 días hábiles e por hospitalización, accidente ou enfermidade grave de familiar cos mesmos graos de parentesco, co límite do día hábil seguinte á finalización da situación.
5. Por matrimonio ou inscrición como parella de feito no Rexistro Civil, se a renuncia prodúcese dentro dos 15 días naturais seguintes ou anteriores á celebración ou inscrición no citado rexistro.
6. Por enfermidade común ou accidente profesional.
7. Cando o posto ofertado teña unha xornada igual ou inferior ao 50 % respecto a xornada ordinaria.

Nestes supostos, respectarase a orde da persoa aspirante para cando se produza nova vacante, debendo acreditar documentalmente este extremo; pola contra, será excluída da lista.

A persoa aspirante disporá dun prazo máximo de dous días hábiles desde o chamamento, para achegar a documentación orixinal dos requisitos do posto e dos méritos alegados. En caso de non ser acreditada, quedará excluída da bolsa e procederase ao chamamento do seguinte aspirante. Achegada a mesma e achada conforme, o

Alcalde-Presidente ditará resolución para o nomeamento con carácter temporal sen que o mesmo outorgue dereito algún para o seu ingreso definitivo na Administración pública.

A duración do nomeamento será o que corresponda en función das necesidades para as que se efectúa este.

Finalizada a vixencia do nomeamento, non se poderá formalizar outro novo ata que non se esgote a lista e, no seu caso, correspondéelle novamente por quenda.

Nomeamentos e Cesamentos

Unha vez comparecera o/a candidato/a chamado segundo a orde da bolsa de emprego, a Alcaldía por Resolución procederá a súa contratación para o desempeño do posto de traballo correspondente. Previamente ao nomeamento deberá solicitarse informe de existencia de crédito á Intervención municipal.

O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou por Resolución da Alcaldía de conformidade co establecido na lexislación vixente.

DÉCIMO TERCEIRA: EXTINCIÓN DA BOLSA DE EMPREGO

A bolsa de emprego formada como consecuencia do proceso selectivo que regula as presentes bases, extinguirase unha vez transcorrido o período de vixencia fixado na base Primeira.

No caso de que con motivo da escasa presentación de instancias, o número de integrantes da bolsa de emprego non sexa suficiente, poderá sacarse un novo proceso selectivo, aínda que non teña transcorrido o prazo de vixencia de 3 anos establecido na base primeira.

DÉCIMO CUARTA. RESOLUCIÓN (PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E NOMEAMENTO)

A persoa aspirante proposta chegará ante a Administración, dentro do prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da lista definitiva de aprobados, os seguintes documentos:

1. Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
2. Declaración xurada de non ter sido separado/a do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
3. Número de afiliación á Seguridade Social e certificación de número de conta bancaria.

A persoa aspirante cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que supere o concurso, deberá ademais acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes, así como a compatibilidade co desempeño das tarefas do posto.

As persoas que, dentro do prazo indicado e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeadas, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Formalizado o contrato, deberase comunicar á Oficina pública de emprego que corresponda, no prazo de dez días seguintes á súa concertación; así mesmo, deberase informar á representación legal dos traballadores, mediante entrega dunha copia básica do contrato celebrado.

Até que se formalice os contrato e se incorpore ao posto de traballo correspondente, a persoa candidata non terán dereito a percepción económica algunha.

DÉCIMO QUINTA. Incidencias

Estas bases e a súa convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polas persoas interesadas recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo, que se poderá interpor no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa). Potestativamente, poderá interpoñerse recurso previo de reposición no prazo dun mes perante a Alcaldía do Concello de Bóveda (Lugo).

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril; e o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Bóveda, 28 de agosto de 2026.- O alcalde-presidente, D. José Manuel Arias López.

ANEXO I**MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO DE CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE SUBSTITUCIÓN DO POSTO DE TRABALLADOR SOCIAL NO CONCELLO DE BÓVEDA****DATOS PERSOAIS**

Nome	Apelidos		
DNI	Data nacemento	Teléfono	
Domicilio	Localidade	Prov.	Código Postal
Correo electrónico			
Medios de chamamento elixidos por orde de preferencia			

Ser admitido/a no proceso de selección convocado para constituir unha bolsa de emprego temporal do posto de Traballador Social do Concello de Bóveda.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Primeiro: Que reúno todas e cada unha das condicións exixidas nas bases referidas, na data de expiración do prazo de presentación da instancia.

Segundo: Que declaro coñecer e acepta as bases xerais da convocatoria PARA CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE SUBSTITUCIÓN DO POSTO DE TRABALLADOR/A SOCIAL NO CONCELLO DE BÓVEDA (LUGO)

Terceiro: No caso de discapacidade.

Grao de discapacidade: _____

Necesita tempo e medios para a realización das probas: Si/Non

Cuarto: Que dou o meu consentimento para que a Administración actuante proceda ao tratamento dos datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, conforme a LOPD 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e o seu RGPD.

Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado polo Concello de Bóveda (Lugo), con sede en Avenida Alfonso XIII, núm.85, 27340 Bóveda Lugo, onde poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.

Quinto: Achego coa presente solicitude os seguintes documentos:

☐ Copia autenticada do DNI ou documento equivalente.

☐ Copia autenticada da titulación requirida na cláusula cuarta destas bases.

☐ Copia autenticada da acreditación do coñecemento da lingua galega, Celga 4 ou equivalente, de ser o caso. No seu defecto, realizarase unha proba escrita que consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega.

☐ Copia autenticada da documentación xustificativa dos méritos alegados, vida laboral e certificados de servizos prestados nas Administracións Públicas.

☐ Declaración xurada ou promesa de non ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de funcións públicas por resolución xudicial para o acceso á escala, subescala, clase e categoría de funcionario/a en o que fose separado/a ou inhabilitado/a. Os/as nacionais doutros Estados deberán acreditar igualmente non acharse inhabilitados/as ou en situación equivalente nin ser sometidos/as a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso á función pública.

☐ Documentación acreditativa e autenticada dos méritos alegados:

Experiencia profesional (relación da documentación presentada):

k.a) Formación complementaria (relación da documentación que se achega dos cursos :

Título /denominación curso

Núm. horas

SOLICITA:

Que se admita esta solicitude para as probas de selección de persoal referenciada e declaro baixo a miña responsabilidade ser certos os datos que se consignan.

En Bóveda, a _____ de _____ de

A persoa solicitante,

Asdo:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BÓVEDA"

Bóveda, 28 de agosto de 2026.- O alcalde, José Manuel Arias López.

R. 2343

A FONSAGRADA

Anuncio

Aprobación definitiva do expediente de modificación orzamentaria 28/2026 por transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O Concello en Pleno na sesión celebrada o día 30 de xullo de 2026 aprobou inicialmente o expediente de modificación de orzamentaria núm. 28/2026 consistente na Transferencia de Crédito entre distintas áreas de gasto. Exposto ao público previo anuncio no B.O.P. de Lugo n.º 178 de data 06 de agosto de 2026, por espazo de 15 días, e non presentándose reclamacións, o expediente quedou definitivamente aprobado sendo a desagregación a seguinte:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	AUMENTO	DISMINUCIÓN
132.12101	Seguridade e orde público. Complemento específico.		5.015,05 €
132.16000	Seguridade e orde público. Seguridade Social.		10.819,38 €
151.130	Urbanismo. Planeamento, xestión e execución.		15.000 €
912.10000	Órganos de goberno. Retribucións básicas.		15.000 €
912.16000	Órganos de goberno. Seguridade Social		3.000 €
231.22799	Asistencia social primaria. Outros traballos realizados por outras empresas.		89.000 €
330.143	Administración Xeral de Cultura. Outro persoal.		19.717,08
330.16000	Administración Xeral de Cultura. Seguridade social.		6.589,45 €
1531.213	Acceso a núcleos de poboación. Maquinaria, instalación técnicas e utillaxe.	44.971,90 €	
1531.2199	Acceso a núcleos de poboación. Outros suministros	99.115,66 €	
1531.619	Acceso a núcleos de poboación. Outras inv. Reposición infraestructuras.	20.053,40 €	
TOTAL		164.140,96 €	164.140,96 €

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

A Fonsagrada, 28 de agosto de 2026.- O alcalde, Carlos López López.

R. 2344

LOURENZÁ

Anuncio

Notificación de baja de oficio en el Padrón Municipal de Habitantes por caducidad

Con fecha 17 de agosto de 2026 se inicia expediente de baja en el Padrón de habitantes por caducidad, y se procede a lo siguiente:

1º.- Declarar el inicio de procedimiento de baja de oficio el Padrón Municipal de Habitantes de este Ayuntamiento, por caducidad de la persona que se relaciona a continuación:

D. Oussama Ettaki, con documento n.º: ***7916**

2º.- No sendo posible practicar a notificación a la persona interesada, se inicia un prazo de quince días, que empezará a contar desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOE, según lo dispuesto en el artículo 44 de la Ley 39/2021, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, para que la persona interesada presente ante esta Alcaldía las alegaciones que considere oportunas respecto a su situación en el Padrón de Habitantes.

3º.- De no presentar alegaciones en dicho plazo, y una vez recibido informe favorable del Consejo de Empadronamiento, se procederá a la baja en el Padrón Municipal de Habitantes del Concello de Lourenzá.

Lourenzá, 28 de agosto de 2026.- La alcaldesa, D.ª Rocío López García.

R. 2345

MONDOÑEDO

Anuncio

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Mondoñedo, na sesión ordinaria celebrada o 28 de maio de 2026, de aprobación provisional da ordenanza fiscal nº 59 reguladora do imposto sobre actividades económicas, non presentándose reclamacións durante o período de exposición e dando cumprimento ao artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcríbese o texto íntegro da mesma, para a súa entrada en vigor:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

Artigo 1º.- Fundamento e réxime.

De conformidade co disposto no artigo 15.2 da Lei 39/1988 Reguladora das Facendas Locais e en uso das facultades concedidas polos artigos 85,88e 89 da citada lei en orde á fixación da cota de gravame do imposto sobre Actividades Económicas, establécese esta ordenanza fiscal, redactada conforme ao disposto no nº 2 do artigo 16 da repetida Lei.

Artigo 2º.- Cota mínima municipal e coeficiente de ponderación por cifra de negocio.

As cotas mínimas fixadas nas tarifas en vigor que foron aprobadas por Real Decreto Lexislativo do Goberno, serán incrementadas mediante a aplicación sobre as mesmas do coeficiente de ponderación determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo.

Artigo 3º.- Coeficiente de situación física.

1. As cotas das citadas tarifas incrementadas pola aplicación do coeficiente fixado no artigo anterior, serán ponderadas conforme á categoría da rúa mediante a aplicación da seguinte escala de coeficientes:

CATEGORÍA FISCAL DA RÚA	1ª	2ª
COEFICIENTE APLICABLE	1,1852713	1,0852713

2. As cotas fixadas nas tarifas aprobadas polo Goberno, virán determinadas, en definitiva, polo produto do importe de ditas cotas polo coeficiente fixado no artigo 2º, e multiplicado a súa vez dito produto polo coeficiente correspondente á categoría da rúa onde se ubique o establecemento. No suposto de dar o establecemento a dúas rúas, o coeficiente aplicable será o correspondente á rúa que teña asignado o maior índice.

Artigo 4º.- Categoría fiscal nas rúas

Clasificación das rúas desta localidade a efectos da súa categoría fiscal para a asignación dos coeficientes a que se refire o artigo anterior.

Categoría 1ª: Rúas integradas dentro do casco histórico.

Categoría 2ª: Resto de rúas e vías do municipio.

Artigo 5º.- Bonificacións

Establécese unha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto para aqueles inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- O 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- O 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- O 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles inmobles nos que teña lugar a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros nos que se amplíen as instalacións sempre e cando implique creación ou mantemento de emprego.

Disposición final

Unha vez se efectúe a publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”

Mondoñedo, 27 de agosto de 2026.- O alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 2346

PANTÓN

Anuncio

EDICTO

Na sesión celebrada o 28.08.2026, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o padrón fiscal do prezo público pola prestación do SAF correspondente ao mes de xullo de 2026.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Establécese un período de exposición pública de 20 días hábiles a contar desde o seguinte ao da presente publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente e formular observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Poderanse interpoñer, no seu caso, os seguintes recursos:

- O recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública, perante a Alcaldía, que será resolto no prazo máximo de un mes, transcorrido o cal entenderase desestimado.

- Contra a desestimación do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución se esta é expresa ou no prazo de seis meses dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, expónse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributo ao cobro: Prezo público pola prestación do SAF correspondente ao mes de xullo de 2026.
- Prazo de ingreso en período voluntario: 28.08.26 ao 28.10.26, ambos incluídos. Data de cargo en conta bancaria: 04.09.26.
- Modalidade de ingreso: A través do servizo de recadación do Concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar, días e horario de ingreso: Oficinas de recadación do concello de Pantón, de luns a venres laborais, de 9 a 14 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 28 de agosto de 2026.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 2347

PASTORIZA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 30 de xuño de 2026 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 2026.19 na modalidade de crédito extraordinario núm. 01 por importe de 116.996,02 e financiado con cargo ó remanente de tesourería para gastos xerais. Dita modificación orzamentaria foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia número 179 de 07 de agosto de 2026.

Sometido o expediente a trámite de información pública polo prazo de quince días, a contar dende o día seguinte á inserción do anuncio de aprobación inicial para que os interesados puideran examinar o expediente e presentar

as reclamacións que estimaran oportunas, durante o dito prazo de información pública non se presentaron alegación nin reclamacións, polo que se considera a aprobado definitivamente o que se fai publico aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Estado de gastos

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DESTINO	IMPORTE
342.63200	Instalacións deportivas. inversión de reposición asociada a funcionamento dos servizos. edificios e outras construcións:	14.519,43
433.21000	Desenvolvemento empresarial reparacións, mantemento e conservación infraestruturas e bens naturais	51.241,58
323.62900	Funcionamento centros preescolar, primaria especial outras inversións novas asociadas ao funcionamento operativo dos servizos.	51.235,01
TOTAL		116.996,02

Estado de ingresos

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
870.00	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	116.966,02
TOTAL INGRESOS		116.966,02

Despois do devandito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento 2026 queda da seguinte forma:

CAPITULO	DESCRIPCIÓN	Consignación antes do expediente de modificación	Aumentos por créditos extraordinarios ou suplementos	Total da consignación resultante
1.	GASTOS DE PERSOAL	784.001,67		784.001,67
2.	GASTOS DE BENS CORRENTES E SERVIZOS	2.943.878,47	51.241,58	2.995.120,05
3.	GASTOS FINANCEIROS	3.000,00		3.000,00
4.	Transferencias correntes	181.004,08		181.004,08
6.	INVESTIMENTOS REAIS	490.667,42	65.394,44	556.061,86
7.	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00		0,00
8.	Variación de activos financeiros	0,00		0,00
9.	Variación de pasivos financeiros	0,00		0,00
	TOTAL	4.402.551,64	116.636,02	4.519.187,66

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Pastoriza, 31 de agosto de 2026.- O alcalde-presidente, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 2366

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

Aprobación definitiva de modificación de crédito 15/2026 mediante suplementos de créditos 3/SC/2026

Finalizado o período de exposición ó público para poder examinar e presentar as oportunas reclamacións expediente de modificación de crédito número 15/2026 dentro do orzamento municipal o exercicio 2026, e tendo en conta que durante o período que vai dende o 6 ó 26 de agosto de 2026, según edicto insertado no Boletín da Provincia de Lugo número 177 de data 5 de agosto de 2026, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello, non se presentaron alegacións contra o mesmo. O mencionado expediente queda elevado a definitivo tal e como establece o artigo 169 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Ley Reguladora das Facendas Locales e se fai público a modificación presupuestaria acordada.

SUPLEMENTO DE CRÉDITO

DENOMINACIÓN	PARTIDA	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	IMPORTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO	TOTAL PARTIDA
Mellora de instalación eléctrica e telecomunicacións na casa do concello	920.632	31.041,430	13.303,47	44.344,90

O importe total da modificación de crédito financiaras co remanente líquido de tesourería para gastos xerais, calculado según o establecido na regra 83 da Instrucción de contabilidade:

CONTROL O REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (RTGX)	IMPORTE €
Remanente Inicial:	1.383.735,27
Remanente Utilizado:	43.886,35
Remanente Líquido de Tesourería Disponible:	1.339.848,92
Remanente Líquido de Tesourería en esta modificación:	13.303,47
Resto de Remanente de Tesourería Disponible:	1.326.545,45

Coa modificación antedita, o resumo por capítulos do orzamento en vigor quedaría como segue:

A) ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	ANTERIOR	MODIFICACIÓN	TOTAL
1	161.138,89		161.138,89
2	0,00		0,00
3	104.106,74		104.106,74
4	942.612,80		942.612,80
5	17.296,40		17.296,40
6	0,00		0,00
7	546.345,11		546.345,11
8	244.192,12	13.303,47	257.495,59
9	0,00		0,00

B) ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	ANTERIOR	MODIFICACIÓN	TOTAL
1	860.583,32		860.583,32
2	366.149,39		366.149,39

3	400,00		400,00
4	9.600,00		9.600,00
5	0,00		0,00
6	778.159,35	13.303,47	791.462,82
7	0,00		0,00
8	0,00		0,00
9	0,00		0,00

O que se fai público en cumprimento a normativa vixente, significando que contra a aprobación definitiva, as persoas lexitimadas poderán interpoñer recurso contencioso administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 28 de agosto de 2026.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2348

MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA TERRA CHÁ

Anuncio

Aprobación OEP 2026

Mediante Resolución da Presidencia núm. 2026-0038, de data 06/08/2026, acordouse aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2026, que contén os seguintes postos de traballo:

CÓDIGO	03.00.00.03
DENOMINACIÓN	CONDUCTOR/A PREVENCIÓN, EXTINCIÓN E RECUPERACIÓN DE INCENDIOS
ÁREA DE ADSCRICIÓN	ÁREA DE OBRAS E SERVIZOS
TIPO DE PERSOAL	L
CATEGORÍA	SEGUNDO CONVENIO
GRUPO	IV

Cospeito, 14 de agosto de 2026.- O presidente, don Armando Castosa Alvariño.

R. 2349